

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022590	CEIP de Roxos	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	4º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

## 1. Introducción

Esta programación de Educación Plástica está deseñada para ser aplicada no 4º nivel de Primaria do CEIP de Roxos, no concello de Santiago de Compostela. No presente curso escolar existen dous grupos deste nivel: 4º A con 24 alumnos/as e 4º B con 25 alumnos/as.

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que esperta no alumnado. Xeralmente é unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

É preciso sinalar a transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa.

A súa finalidade principal na Educación Primaria será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico de diferentes manifestacións artísticas, en especial as relacionadas co debuxo, a pintura e as pequenas manualidades.

- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.

- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.

- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

É preciso inculcarlle ó alumnado a importancia de que o relevante é ser quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica, así como con outros medios de expresión e comunicación. Non se pode obviar a necesidade e a importancia desta materia para afianzar a motricidade fina (recortando, pregando, coloreando...)

Ao longo do curso, o alumnado continuará utilizando o libro de Plástica que comezou en 3º, no que se realizarán diferentes actividades con distintas técnicas: pintar con pinturas, témperas, rotuladores, recortar, pegar... Ademais, coincidindo coas diferentes celebracións do colexio, realizaranse outro tipo de actividades relacionadas con elas: co Samaín, co Magosto, co Nadal, co Entroido... Tamén se utilizarán obras de recoñecidos pintores (Mondrian, Picasso, Leandro Lamas...) para coñecerlos e imitar as súas creacións. Asimesmo, a libre expresión é unha parte fundamental da expresión Plástica, para que o alumnado poida manifestar a súa creatividade.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Deseños	Traballarase o cómic, as grecas ou elementos xeométricos decorativos, as tramas, os bodegóns e os elementos da natureza nas artes plásticas. Imitamos obras de Mondrian e de Van Gogh. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia, xa que coincidindo con elas faranse actividades plásticas relacionadas con elas.	32	13	X		
2	Sensacións	Traballarase a estampación, as texturas visuais, o esgrafiado, a arte urbana e a decoración vexetal da cerámica. Imitamos obras de Kandinsky e Paul Klee. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballarase de xeito máis destacado.	33	12		X	
3	Imaxes	Traballarase especialmente a luz e as cores e as súas mesturas. Imitamos obras de Klimt e de Leandro Lamas. As Letras Galegas serán de especial relevancia.	35	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Deseños	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e reproduce obras artísticas de autores diversos, empregando a liña con intencionalidade para representar personaxes reais ou imaxinarias.	TI	100
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Recoñece a intencionalidade do uso de cores cálidas ou frías para representar un entorno determinado.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as producións propias e alleas.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras utilizando recursos como o trazado de rectas paralelas e perpendiculares e realiza sumas e restas de segmentos, usando cartabón e escuadro para conseguir medidas precisas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as obras de arte nas súas diversas manifestacións.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Recoñece o significado do consentimento da difusión de imaxes, respectando as decisións doutras persoas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual.</li> <li>- Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e discontinua; plano; textura; cor.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> <li>- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Sensacións	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e reproduce obras artísticas de autores diversos, empregando a liña con intencionalidade para representar personaxes reais ou imaxinarias.	TI	100
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Busca, de xeito guiado, información sobre algunhas manifestacións artísticas relevantes.		
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Recoñece a intencionalidade do uso de cores cálidas ou frías para representar un entorno determinado. Analiza imaxes fixas, empregando terminoloxía axeitada atendendo ao tamaño, cor, función, formato e iluminación.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta a creacións propias e as alleas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora bosquejos e deseños para axustar o proceso de creación individual ou en grupo, e presenta os traballos con orde e limpeza. Elabora carteis con diversas informacións considerando conceptos como tamaño, equilibrio e cor, engadindo textos e seguindo unhas pautas marcadas.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora creacións artísticas na que expresa as súas ideas e sentimentos. Interpreta e valora a información obtida de imaxes no contexto social e elabora e comunica informacións básicas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta a creacións propias e as alleas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta a creacións propias e as alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.</li> <li>- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> <li>- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Imaxes	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e reproduce obras artísticas de autores diversos, empregando a liña con intencionalidade para representar personaxes reais ou imaxinarias.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Identifica as características básicas das manifestacións artísticas e identifica as profesións relacionadas coas creacións artísticas.		
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica as características básicas das manifestacións artísticas. Identifica a influencia dos fondos de cor. Identifica as formas de representar a figura humana nas obras.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Expresa con respecto as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas propias ou alleas cun certo criterio artístico.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa de xeito guiado e cooperativo na planificación e creación de obras artísticas, amosando respecto polo resto das persoas.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nunha creación grupal baseada na experimentación con materiais e texturas para creacións orixinais, integrándoos de diferentes maneiras con finalidade estética.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explica con coherencia o resultado das súas creacións artísticas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica as formas en que está representada a figura humana nas obras plásticas vistas no ordenador.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Manifesta interese por coñecer e producir obras artísticas utilizando o ordenador.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Busca de forma guiada e amosa interese por diferentes representacións artísticas.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica os elementos básicos das manifestacións artísticas audiovisuais.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta as producións propias e as alleas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza co ordenador trazados con precisión utilizando ferramentas básicas. Deseña persoas e obxectos a partir dun eixe de simetría.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Utiliza as producións artísticas para expresar os seus sentimentos.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa nun traballo en equipo para a realización de pequenas producións audiovisuais. Coñece, utiliza e valora os recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nun traballo en equipo para a realización de pequenas producións audiovisuais. Coñece, utiliza e valora os recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explicar aos/ás compañeiros/as o proceso e o resultado das súas creacións artísticas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as creacións propias e as alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Progreso no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> <li>- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado.</li> <li>- Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.</li> </ul>

## Contidos

- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Xéneros e formatos básicos de producións audiovisuais.
- Características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición básica de elementos audiovisuais: conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais e de manexo sinxelo.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Producións audiovisuais. Traballo colaborativo e importancia do proceso dalgúns dos diferentes xéneros e formatos. Introducción á utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas.
- Producións multimodais: iniciación na realización con diversas ferramentas sinxelas e accesibles. Recoñecemento de características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As diferentes Unidades Didácticas permitirán, no seu conxunto, o traballo dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.

- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro. Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Como xa se mencionou, a Educación Artística pode considerarse como un elemento transversal, posto que noutras áreas do currículo o alumnado recorta, pega, colorea... Son tarefas que adoitan resultar gratas para o alumnado e que se utilizan con frecuencia para elaborar lapbooks, copiar ilustracións, ilustrar textos, etc.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de Plástica 3º da Editorial Anaya. Operación mundo.
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Pinceis e témperas
Pantalla dixital
Imaxes de obras de diferentes pintores
Páxina web do centro: sección Aula de EPV/Aula Virtual
Bloc de debuxo e cartolinas
Estoxo
Pasta de modelaxe
Regra, escuadro e cartabón
Outros elementos para realizar collages ou composicións: follas, flores, fíos, xornais...
Cartolinas, papeis de seda, papel de regalo...

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual é a aula habitual. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e o suficientemente ampla para facilitar a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

No 3º nivel de Primaria pediúselle ao alumnado que comprase a libro de Plástica da Editorial Anaya, coa intención de traballar nese libro en 3º e 4º niveis. Así se está facendo. Aproximadamente a metade do libro fíxose en 3º e a outra parte farase neste 4º nivel. Isto xustifícase porque na área de Plástica realízanse moitas tarefas relacionadas coas diferentes celebracións do centro: Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Día das Letras Galegas...

Na aula existe unha pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías. No centro hai ordenadores portátiles suficientes para que cada alumno/a poida dispoñer dun.

O material empregado está dentro da aula ou no casilleiro de cada alumno/a (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

Cando o material se esgota hai un repositorio na sala de reprografía que serve de almacén de material para todo o edificio.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O alumnado de 4º nivel conta coas mesmas titoras que o curso pasado, polo que a avaliación inicial na área de Plástica non se considera imprescindible. Non obstante, a área de Plástica en 4º A non é impartida pola mesma persoa.

Realizarase unha observación durante as primeiras sesións a modo de avaliación inicial a través de produción/s concreta/s, que permita establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, proporcionalidade, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	32	33	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A avaliación na área de Plástica farase valorando cada unha das producións realizadas polo alumnado. Terase en conta a orde e limpeza, a celeridade na realización das tarefas, o respecto e valoración das producións propias e alleas e que o resultado final se axuste ao esperado/solicitado.

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40%

-2º trim.: UD2 60% + UD4 40%

-3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%

-2º trim. 30%

-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal estiver entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal estiver entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre e/ou na realización das tarefas pendentes. De ser o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD.

Ademais, se estes non fosen acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final.

## 6. Medidas de atención á diversidade

No presente curso escolar non hai en 4º nivel alumnado que teña especiais dificultades para seguir a programación da área de Plástica. É certo que hai alumnado que presenta máis dificultades a nivel de motricidade fina (para recortar, pregar, colorear sen saír dos bordes) ou ao que lle costa máis entender as instrucións para realizar as tarefas. nestes casos será o profesorado encargado de impartir a materia quen prestará unha atención máis individualizada a este alumnado. Noutros casos, aquel alumnado que remata antes tamén se presta para axudar aos que teñen máis dificultades. Polo tanto, non é necesaria unha atención á diversidade especializada.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposición dos traballos realizados nas celebracións.	Exposición nos corredores dos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X
Decorar as portas da aula en Nadal e no Día da Muller	Decoración das portas con motivos alusivos ás conmemoracións.	X	X	
Decorar da aula de lecturas de medo con cabazas decoradas.	Decoración colectiva de cabazas polo Samaín.	X		
Exposición dos traballos realizados.	Exposición nos corredores dos traballos realizados no Día de Rosalía.		X	
Exposición dos traballos relacionados con Luísa Villalta.	Exposición relacionada co Día das Letras Galegas.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Aportouse información ao persoal docente titor.

Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

### Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro. A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen aquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.



## 9. Outros apartados